



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE
E FORMACIÓN PROFESIONAL



CMUS
PROFESIONAL
DA CORUÑA

Praza do Conservatorio, s/n. 15011 A Coruña
T. 981 276 800 / F. 981 276 767
www.cmusprofesionalcoruna.es

**Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e
Innovación REDE DE CONSERVATORIOS DE MÚSICA E
DANZA DE GALICIA**

Programación de

Óboe

Curso 2020/2021

Índice

Contenido

1. Introducción.....	1
2. Metodoloxía:	3
3. Atención á diversidade:	5
4. Temas transversais:	7
4.1 Educación en valores:.....	7
4.2 Tratamento das tecnoloxías da información e da comunicación (TIC´s).....	7
5. Actividades culturais e de promoción das ensinanzas.....	9
6. Secuenciación	11
6.5.Curso: 1º GP	59
6.6.Curso: 2ºGP	72
6.7.Curso: 3º GP	86
6.9.Curso: 5º GP	111
6.10.Curso: 6º GP	125
7. Procedementos de avaliación e seguimento da programación didáctica.....	139
8. Procedementos para realizar a avaliación interna do departamento.....	140



9. ANEXOS	142
9.1. Probas de acceso 1º de grao profesional:.....	142
9.2. Probas de acceso a outros cursos	146
9.3 Criterios para la obtención dos premios fin de grao.....	148
9.4.A clase colectiva.....	150
9.5 Anexo para o desenvolvemento da ensinanza e adaptación didáctica para o curso 2020/2021 debida á situación de pandemia por causa da COVID19.....	155

1. Introducción

A Lei orgánica 2/2006 do 3 de maio, de educación, establece no seu artigo 45 que as ensinanzas artísticas teñen coma finalidade proporcionarlle ao alumnado unha formación artística de calidade e garantir a cualificación dos futuros profesionais da música.

O artigo 48 preceptúa que as ensinanzas elementais de música terán as características e a organización que as administracións educativas determinen. Ditas características veñen ditadas para a nosa comunidade autónoma no posterior Decreto 198/2007 do 27 de setembro de 2007, polo que se establece a ordenación do grao elemental das ensinanzas de réxime especial de música.

A finalidade do grao elemental das ensinanzas de réxime especial de música é promover a autonomía do alumnado para que a súa capacidade de expresión musical adquira a calidade artística necesaria que permita acceder ao grao profesional.

Así mesmo, a Lei orgánica 2/2006 do 3 de maio, de educación, establece no seu artigo 6.2 que o goberno fixará, en relación cos obxectivos, as competencias básicas, os contidos e os criterios de avaliación, os aspectos básicos do currículo que constitúen as ensinanzas mínimas. Asemade, a citada lei orgánica no capítulo VI do título I, fixa as características básicas das ensinanzas profesionais de música, dentro das ensinanzas artísticas. Os aspectos básicos do currículo das ensinanzas profesionais de música fíxanse no Real Decreto 1577/2006, do 22 de decembro e se definen no marco da nosa comunidade no Decreto 203/2007, do 27 de setembro, polo que se establece o currículo das ensinanzas profesionais de réxime especial de música.

A presente programación dá concreción a ditos decretos a nivel de aula, e será o documento polo que se desenvolvan os diversos parámetros do traballo de aula dos docentes deste departamento no Conservatorio Profesional de Música de A Coruña.

O grao profesional ten como finalidade proporcionarlle ao alumnado unha formación artística de calidade e garantir a cualificación dos futuros profesionais, e ordénase en catro funcións básicas: formativa, orientadora, profesionalizadora e preparatoria para estudos posteriores.

2. Metodoloxía:

O titor será o profesor da destreza instrumental e polo tanto os alumnos de óboe terán como titor ao profesor desta especialidade.

No grao elemental cada alumno disporá co seu titor dunha clase individual de 60 minutos semanais e outra colectiva (de poder ofertarse) da mesma duración. En grao profesional disporá co seu titor dunha hora de clase individual.

A clase semanal cun só alumno permite facer un seguimento individualizado do alumnado tanto en rendemento como na progresión no seu estudo. Dito seguimento permitirá a adecuación e personalización dos procedementos e actividades a desenvolver en función das necesidades, progreso e capacidades do alumno.

Tendo en conta que a clase consta dunha hora semanal, tempo que queda escaso especialmente nos alumnos dos cursos máis avanzados, a optimización das sesións deberá ser unha prioridade. Polo tanto, parte do tempo de clase dedicarase a **fomentar hábitos e ferramentas que potencien a autonomía no estudo individual**, tanto en aspectos técnicos como nos musicais. Polo tanto, **é imprescindible entender que o mestre só cumpre unha función mediadora, de guía, neste proceso de ensinanza-aprendizaxe; é @ discente @ que constrúe significados a partir das ferramentas que se lle proporcionan, e ninguén o pode substituír nesta labor.**

Doutro lado, a **puntualidade** é un aspecto importante na

optimización do tempo, polo que se tratará de formar una conciencia da importancia da mesma, xa que a montaxe, desmontaxe e transporte do instrumento requiren dun certo tempo.

Fomentar o interese e respecto polo seu **tempo persoal de estudo**, concienciar da importancia da **realización das tarefas encomendadas para casa** e establecer uns **métodos e hábitos de estudo eficientes** serán obxectivos prioritarios a desenvolver no alumno. A potenciación do sentido autocrítico, tanto na interpretación como na actitude fronte á materia, fundamentará a consecución de ditos obxectivos.

A vocación do alumno é outro factor que non se debe esquecer á hora de adoptar as medidas máis eficientes a aplicar en cada individuo. Diversos factores (idade, falta de información nas familias, etc.) poden facer que a continuidade a medio-longo prazo nos estudos musicais non estea totalmente definida. Procurarase en todo momento motivar ao alumnado de cara a un maior rendemento e a reforzar dita vocación.

O contacto coas familias dos alumnos será de vital importancia para orientar o seu papel no desenvolvemento da formación musical do discente. Fomentarase un contacto fluído así como a valoración por parte das familias da necesidade de solicitar regularmente titorías.

3. Atención á diversidade:

As diferentes aptitudes, motivacións, coñecementos previos, ritmos de aprendizaxe e características persoais de cada alumno poden requirir a adaptación da programación didáctica para dar una resposta específica e personalizada a cada un deles.

O alumnado do conservatorio habitualmente está dentro dun nivel sociocultural e económico medio-alto, cunha gran capacidade de traballo, pois ten que compaxinar os estudos de música cos das ensinanzas xerais. As motivacións para estudar no conservatorio son distintas e poden variar conforme se suceden os cursos. Os motivos polos que inician os estudos musicais poden ser por iniciativa dos pais, por vocación, como actividade de entretemento, por inercia dun grupo de amigos, etc. Entón, teremos un alumnado diferente en canto a motivacións, aptitudes e ritmos de traballo, polo que será de vital importancia a atención á diversidade do alumnado para adaptarse ás súas necesidades e realizar unha acción educativa eficaz. A vía para o tratamento da diversidade é a adaptación curricular, que e o conxunto de accións dirixidas a adecuar o currículo ás necesidades dun alumno ou grupo determinado. Dependendo das circunstancias que se presenten na aula, o profesor poderá plantexar as seguintes estratexias:

- Adaptacións do material didáctico, que ofrezan unha ampla gama de actividades didácticas que respondan ós diferentes grados de aprendizaxe.
- Variacións da metodoloxía, para adaptala ás necesidades do alumno.
- Propoñer actividades de traballo diferenciadas: o profesor fará un análise dos contidos da materia e preparará actividades con distinto nivel de dificultade que permitan tratar estes mesmos contidos con esixencias distintas.

+

- Organizar o traballo de forma flexible e con ritmos distintos de aprendizaxe.
- Acelerar ou frear o ritmo de introdución de novos contidos adaptándose ao alumno individualmente.

A adaptación dos obxectivos, e polo tanto, dos contidos, terá que respectar os mínimos esixibles e fixados na programación, dado que nas nosas ensinanzas non se contempla a adaptación curricular significativa.

Existen, ademais, alumnos con necesidades educativas específicas: alumnos con dificultades de aprendizaxe, dificultades de adaptación social, con desordes de personalidade ou psicosocial, con deficiencias físicas ou con déficit ou superdotación intelectual. Estes alumnos teñen unha representación especial no noso centro dende a publicación da *ORDE do 16 de decembro de 2011 pola que se autoriza a posta en marcha, con carácter experimental, dun proxecto para a incorporación de alumnado con necesidades educativas especiais ás ensinanzas elementais de música no Conservatorio Profesional de Música da Coruña.*

Nestes casos, recorrerase a unha adaptación curricular personalizada. Este aspecto non formula excesiva problemática no desenvolvemento do traballo diario da aula dado o carácter individual das clases instrumentais. Así pois, atenderanse diferentes estratexias que contemplan as particularidades do alumno en cuestión e que poderán incluír variación da metodoloxía, maior flexibilidade no ritmo de traballo, adaptación do material didáctico, proposta de actividades diferentes e adaptación das diferentes probas ás capacidades do alumno.



4. Temas transversais:

4.1 Educación en valores:

A educación no ámbito musical non debe acabar no simple feito do desenvolvemento de destrezas técnicas e un desenrolo da sensibilidade musical. Para unha formación integral do alumnado tamén é importante o tratamento de contidos transversais.

Estes contidos que responden á realidade da vida cotiá no ámbito social son esencialmente de carácter actitudinal e representan uns elementos educativos básicos que deben incorporarse nas diferentes áreas co fin de conseguir unha plena integración do alumnado na sociedade actual

O tratamento destes contidos debe espertar no alumnado una especial sensibilidade cara a dita realidade.

O carácter participativo e colaborador da práctica musical facilita a incorporación destes temas na aula, especialmente na práctica de conxunto. Temas como a igualdade de oportunidades entre sexos, o derrube das barreiras raciais, a educación para a saúde, o compromiso co medio ambiente ou a educación para a paz, poderán ser incorporados tanto na clase individual como na de conxunto.

4.2 Tratamento das tecnoloxías da información e da comunicación (TIC's)

A irrupción das tecnoloxías da información e da comunicación na nosa vida cotiá é cada día máis patente, a súa utilización esténdese ata ámbitos insospeitados.



O estudo da música nos conservatorios cínquese, na maioría dos casos, á práctica interpretativa, empregando instrumentos tradicionais. Incluso nestas circunstancias que, a priori, poden parecer pouco dadas ao uso das TIC's, pódense empregar co fin de complementar e facilitar o proceso de ensinanza-aprendizaxe.

O uso de materiais audiovisuais relacionados coa materia xa non é unha novidade nos tempos que corren, especialmente dende a aparición de plataformas dixitais como YouTube, Vimeo, Spotify, etc. Estas plataformas, unidas ó compartimento masivo de material audiovisual, facilita o seu uso na aula para a exemplificación das posibilidades sonoras e técnicas dos instrumentos e a exploración de diferentes posibilidades interpretativas ante un mesmo texto musical. Por outro lado, a facilidade de xerar dito material con ferramentas cada vez máis accesibles (videocámaras, gravadoras, tablets, teléfonos, etc.) permite analizar na aula as propias actuacións ou interpretacións, e así aportar un maior grado de obxectividade á percepción de sí mesmo que ten o alumno.

O material en formato electrónico (partituras, textos, etc.) tamén será útil no desenvolvemento das diferentes actividades da materia, xa que facilita a rápida distribución do mesmo entre o alumnado, así como o seu rápido acceso na aula, no caso de dispoñer dos dispositivos correspondentes. As plataformas de almacenamento como Dropbox o GoogleDrive permiten a creación de espazos que poden ser controlados polo mestre para compartir o material electrónico para os alumnos.

Os motores de busca tamén serán de gran utilidade, especialmente á hora de recompilar información referente ao propio instrumento, obras, compositores, etc.

O uso de todos os materiais relacionados coas TIC's empregados na



aula debe respectar en todo momento as leis de distribución e da propiedade intelectual dos mesmos.

5. Actividades culturais e de promoción das ensinanzas

Os alumnos participarán nas audicións públicas da especialidade polo menos unha por trimestre e, no caso de que o profesor o considere oportuno, terán a posibilidade de participar nas que organice o departamento. Para a participación nas mesmas, o alumno deberá realizar polo menos un mínimo de 3 ensaios co pianista acompañante, tendo que acordalos previamente segundo o procedemento establecido a tal efecto no centro.

Poderanse organizar dende o departamento ou o aula da especialidade, un ou varios cursos / master-class ao longo do período lectivo. A asistencia aos ditos cursos será sempre voluntaria, aínda que, dado o contido dos mesmos, é recomendable.

Ao longo do curso contemplaranse distintas actividades complementarias para dinamizar, motivar e implicar ó alumnado na vida cultural do Centro e o seu entorno, é dicir, para completar a formación regrada que se imparte na aula de óboe.

Este tipo de actividades poden ser organizadas polo Departamento de vento madeira, de forma interdisciplinar con outros departamentos ou pola Dirección do Conservatorio.

A continuación proporanse algunhas ideas que se poderán abordar durante o curso:



- Recitais de alumnos.
- Recitais de profesores.
- Cursos de formación específica.
- Conxuntos instrumentais de óboes.
- Proxeccións.
- Asistencia á Biblioteca para un determinado traballo.
- Audición e/ou visualización de gravacións de grandes intérpretes (CD, DVD...)
- Intercambios con outros Centros (Conservatorios, Escolas de Música, Academias, Agrupacións, etc).
- Concursos.
- Organización de agrupacións instrumentais entre alumnos.
- Exposicións.
- Asistencia a concertos en vivo.
- Viaxes de estudos

6. Secuenciación

6.1. Curso: 1º DE GRAO ELEMENTAL (GE)

Obxectivos:

- Saber montar e desmontar o instrumento.
- Coidar tanto o instrumento como o material empregado con esmero.
- Empezar a adoptar unha posición corporal que permita respirar con naturalidade e que favoreza a correcta colocación do instrumento.
- Iniciarse no control da respiración diafragmática e os músculos que forman a embocadura.
- Conseguir unha correcta colocación da cana na boca.
- Acadar a presión necesaria coa columna de aire para lograr emitir coa cana as notas SI e DO.
- Adquirir unha posición de mans e dedos que permita iniciar, e máis tarde desenrolar, unha axilidade técnica acorde ó nivel.
- Espertar n@ alumn@ interés polo estudo, inculcando uns hábitos correctos e eficaces.

-Tomar contacto con algunhas das posibilidades e características do instrumento, así como con termos especificamente musicais e con algún material de confección de lingüetas.

-Amosar unha sensibilidade auditiva (acorde ó nivel) que permita o desenvolvemento da afinación e a evolución continua da calidade do son, desenvolendo o espírito autocrítico.

-Executar pequenas melodías no primeiro rexistro do instrumento, algunhas delas de memoria, tanto na aula como en público.

Respectar os diferentes criterios d@s compañeir@s na música e en calquera outra esfera do pensamento, tanto na clase individual coma na colectiva.

-Valorar a música de conxunto coma un aspecto fundamental na formación musical.

-Empezar a tomar consciencia da necesidade de adquirir certos hábitos de hixiene para conservar o instrumento e os seus accesorios no mellor estado posible, así como para evitar posibles infeccións.

-Ler a primeira vista.

-Achegarse á improvisación.

-Coñecer e realizar as articulacións básicas, tanto nas escalas como no repertorio seleccionado para o nivel.

-Tocar en público.

-Memorizar algún fragmento musical.

Contidos:

-Coñecemento xeral do instrumento e as súas partes.

-Estudio da respiración diafragmática e da posición corporal (hixiene postural) con e sen instrumento a través de exercicios en diferentes posicións.

- Exercicios de vocalización, para acadar flexibilidade nos saltos.
- Formación da embocadura e fortalecemento dos músculos faciais a través de exercicios de respiración con e sen instrumento (notas tidas controlando a afinación, calidade do son e dosificación do aire).
- Exercicios coa cana, emitindo as notas Si e Do, para traballar a emisión do son e controlar a afinación e presión na columna de aire.
- traballo da memoria a partir de fragmentos sinxelos, pequenas melodías e escalas.
- Práctica da lectura a primeira vista a través de textos (acordes ó nivel) facilitados pol@ mestre/a.
- Práctica das escalas de Do Maior, Fa M. e Sol M. (no rexistro comprendido entre o DO3 e o SOL da primeira chave de octava) e inicio da escala cromática (polo menos nunha octava).
- Práctica da relaxación e respiración para o desenvolvemento da capacidade pulmonar.
- Achegamento ó material de fabricación de canas.
- Desenrolo da sensibilidade auditiva como premisa para a obtención dunha boa calidade do son, tanto na práctica individual como na de conxunto, para desenvolver a afinación, o axuste e a precisión rítmica.
- Emisión do son en distintas dinámicas (F/P) e alturas a través de exercicios específicos de notas longas no rexistro medio do instrumento.
- Desenvolvemento da sensibilidade musical para a correcta interpretación e entendemento das estruturas musicais, co fin de incentivar o interese d@ alumn@ por coñecer outros aspectos da música.
- Práctica do mecanismo e articulación baseada en exercicios de extensión, nas tonalidades de Do maior, Fa maior e Sol maior a diferentes velocidades.
- Adquisición de hábitos de estudo correctos e eficaces.
- coidado do material.
- Respecto ós demais.
- Implicación nas actividades con una actitude positiva.
- Mostra de interese ante o feito musical.

-Posta en escena nos concertos, recitais, probas de aula,...
iniciación á improvisación.

Avaliación:

O profesor avaliará aos seus alumnos tendo en conta os obxectivos e os criterios de avaliación establecidos nesta programación para o seu curso. A avaliación será continua, cualitativa e integradora, e o profesor valorará de forma constante o progreso dos alumnos ao longo de todo o curso, así como a súa asistencia e actitude.

Dada a progresividade da materia, a atención personalizada do alumnado na mesma, e a aplicación da avaliación continua, a cualificación en cada trimestre representará a valoración do progreso realizado ata ese momento. Polo tanto, a cualificación obtida no terceiro trimestre será a cualificación final do curso.

a) Criterios de avaliación

-Coñecer as partes do óboe e, se é posible, algúns instrumentos da familia.

-Saber montar e desmontar o instrumento.

-Ser coidadoso co material empregado (libros, cana, instrumento,...)e aprender a ter unhas medidas de hixiene óptimas para a correcta aprendizaxe e bo estado de saúde.

-Colocar o corpo, as mans e a embocadura correctamente, tendo en conta o nivel no que se atopa @ alumn@.

- Facer correctamente os exercicios sen instrumento propostos pol@ profesor/a.
- Tocar un SI e un DO coa cana diante do espello con un son estable, con unha resistencia de, polo menos, tres redondas a unha velocidade de NEGRA = 60. mostrar interese polo traballo improvisatorio e de lectura a vista e practicalos.
- Diferenciar entre picado, ligado e staccato
- Iniciarse no emprego da respiración diafragmática.
- Participar nos recitais da especialidade cando @ mestre/a o estime apropiado.
- Tocar e realizar correctamente os exercicios, estudos e as obras previstos para este curso.
- Empezar a adquirir hábitos de estudio correctos e eficaces.
- Superar o paso DO-RE.
- Superar o uso da primeira chave de octava.
- Coñecer as posicións de FA#, Sib, FA “forchu”.
- Saber facer correctamente a escala de Do M. dende o Do grave ata o Sol da primeira chave de octava.
practicar a lectura a primeira vista con exercicios acordes ó nivel.
- Adquirir autonomía e disciplina progresiva no estudio a través de procedementos correctos.
- Tocarescalas de FaM, SolM e DoM, nunha octava polo menos, a unha

velocidade de NEGRA= 80.

-lir coñecendo a escala cromática, polo menos nunha octava.

-Practicar a improvisación e a lectura a vista.

b)Mínimos esixibles

	1ª AVALIACIÓN	2ª AVALIACIÓN	3ª AVALIACIÓN
EXERCICIOS	-GUNA: páxinas: 23-27 -Rexistro: Do,Si,La,So l.	-GUNA: páxinas: 28-32, 35 -Escala de DoM e Arpexio.	-GUNA: páxinas: 33,34,36 -Escala e arpexios de SolM e FaM.
ESTUDOS	-WASTALL : leccións 1-3 - JAARSMA & CASTELAIN: leccións 1-2	-WASTALL : leccións 4-5 - JAARSMA & CASTELAIN: leccións 3-4	-WASTALL : leccións 6-8 - JAARSMA & CASTELAIN: leccións 5-6
OBRAS	-Dúas pezas acordes ó nivel seleccionadas polo mestre	-Dúas pezas acordes ó nivel seleccionadas polo mestre	-Dúas pezas acordes ó nivel seleccionadas polo mestre

c) Procedementos e ferramentas de avaliación

A información que proporciona a avaliación é útil para ver se alcanzamos os obxectivos propostos, e en función disto, para rectificar e actualizar constantemente as dificultades que presente o/a alumno/a, tanto no proceso de ensino-aprendizaxe coma na súa programación. A avaliación será:

Inicial: Permitiranos saber os coñecementos previos do alumno/a sobre o tema para adecuar o desenvolvemento da materia ao seu nivel. Levarase a cabo na primeira semana do curso.

Continua: Permítenos un control e seguimento do proceso de ensinanza-aprendizaxe posibilitando a súa progresiva e continua adecuación ás dificultades e necesidades que vaian xurdindo respecto á planificación inicial.

Sumativa ou final: Consiste en comparar os obxectivos iniciais cos resultados finais e permitiranos coñecer se os/as alumnos/as alcanzaron os obxectivos propostos inicialmente.

Avaliación puntual nas audicións.

Realizaranse **controis** para reforzar o proceso avaliativo. Realizaranse **audicións internas** (de ser factible) ao final de cada trimestre, agrupando aos distintos alumnos por curso ou como se estime oportuno no momento. Estarán presentes todos os profesores da materia coa finalidade de homoxeneizar criterios de avaliación e nivel educativo.

Así mesmo, debemos fomentar que o/a alumno/a participe no proceso de avaliación a través da **autoavaliación e a coavaliación**, para impulsar a súa autonomía, implicación responsable e a elaboración de xuízo e criterio.

Deste xeito previamente realizarase unha avaliación inicial do/da alumno/a para coñecer o nivel de partida dende o cal comeza a súa

aprendizaxe. Durante todo o curso farase unha avaliación continua do/da alumno/a mediante a observación sistemática das actividades deseñadas para o seu desenvolvemento na aula. Así, as mesmas tarefas son á vez actividades de avaliación. Por último, concluírase cunha avaliación final, resultado do traballo do/da alumno/a durante todo o curso, baseándose nos obxectivos conseguidos.

As **ferramentas de avaliación** que se utilizarán serán as seguintes:

-Traballo persoal diario: a observación sistemática clase a clase é o primeiro e mellor procedemento para acadar información fiable acerca do progreso do alumnado. Avaliaranse os exercicios de técnica, estudos e obras interpretadas polo alumno/a así como a súa actitude fronte a consecución dos obxectivos programados, ensaios con piano, ensaios grupais das clases colectivas e elaboración de canas.

-Rexistro semanal: faranse anotacións semanais dos progresos que vaia alcanzando o/a alumno/a, das posibles dificultades que atope e daqueles puntos nos que necesite un maior apoio; tamén se tomará nota da asistencia do alumno/a e de aquelas cuestións que se considere oportunas (circunstancias familiares do alumno especiais, lesións ou enfermidades que o/a alumno/a puidera ter, compra de novo instrumento, arranxo do mesmo, etc.).

-Actitudes cara a materia e o traballo en grupo: curiosidade e creatividade, constancia e flexibilidade, comportamento respetuoso na aula e actitude positiva ante a materia, os compañeiros e o mestre. Reflexión sobre as súas ideas e actuacións, revisando, analizando e explicando.

Avaliación puntual nas audicións. Ademais de valoralos coñecementos, axuda a comprobar como se desenvolve o alumnado nunha situación na cal pode haber oíntes, xa sexa como público ou como tribunal. As audicións da especialidade poderán ter unha periodicidade trimestral onde os alumnos/as interpretarán obras e estudos da programación

con acompañamento de piano se así se require.

-Realizaranse **controis** para reforzar o proceso avaliativo. Realizaranse audicións internas (de ser factible) ao final de cada trimestre, agrupando aos distintos alumnos por curso ou como se estime oportuno no momento para a mellor marcha do proceso. Estarán presentes todos os profesores da materia coa finalidade de homoxeneizar criterios de avaliación e nivel educativo.

a) Criterios de cualificación

Proba de aula: 10%	Audición: 10%	Traballo semanal: 80%
--------------------	---------------	-----------------------

No caso de que o alumno, só por motivos debidamente xustificados, non puidera realizar algún dos apartados anteriores dito apartado quedará excluído da ponderación e a porcentaxe do resto de apartados expandirase proporcionalmente.

b) Criterios para a concesión de ampliación de matrícula

Para solicitar a concesión de ampliación de matrícula nesta materia, o alumno deberá demostrar capacidade de traballo para o aproveitamento da ampliación, así como ter superado polo menos o 90% dos contidos do apartado mínimos esixibles na clase antes da reunión da última comisión que elevará dita solicitude ao consello escolar, quen poderá conceder dita ampliación.

c) Medidas de recuperación

Dado o carácter progresivo da materia, tendo en conta a atención individualizada na mesma e a aplicación da avaliación continua, a recuperación das avaliacións suspensas integrárase dentro das actividades programadas na seguinte avaliación. Deste xeito, as avaliacións que no foran cualificadas positivamente consideraranse aprobadas se o alumno obtivera cualificación positiva na seguinte avaliación.

Para os alumnos que teñan a materia pendente de cursos anteriores realizarase un plan de traballo específico que contemple os obxectivos e contidos que aínda precisen ser superados ou mellorados e que poderá constar de actividades de reforzo, modificación das probas do curso ou probas complementarias.

d) Procedementos de recuperación ordinarios

Ao tratase dunha avaliación continua, a recuperación faise ao longo de todo o curso, reforzando as actividades en aqueles puntos nos que o/a alumno/a presente maior dificultade, servindo, deste modo, a propia actividade, como instrumento de avaliación.

No caso de que un/a alumno/a teña pendente a materia de óboe, deberá recuperala no presente curso, pero non se comezarán cos novos obxectivos ata que non se alcancen os do curso anterior. Nese momento, darase por recuperada a materia pendente.

Ó tratarse dunha avaliación continua, as actividades de recuperación serán as mesmas que as actividades de avaliación pero incidindo e aplicadas ós contidos que estean pendentes de recuperación. Así mesmo o plan de traballo para a superación da materia pendente consistirá na realización de exercicios, estudos e obras específicas encamiñadas á superación dos contidos correspondentes.

No caso da **perda da avaliación continua** o alumnado deberá realizar unha proba extraordinaria valorada por un tribunal formado polo profesor/a ou polos profesores/as da especialidade de óboe que consistirá na interpretación dos exercicios de técnica, estudos e obras

que o tribunal considere dentro da bibliografía exposta para cada curso.
Os criterios de cualificación serán os mesmos que os das probas extraordinarias de setembro.

e) Probas extraordinarias de setembro

Os alumnos que non obtiveron cualificación positiva na avaliación de xuño poderán presentarse á proba extraordinaria de setembro e presentarán polo menos os contidos do apartado mínimos esixibles. O alumno/a interpretará as escalas, estudos e obras que o tribunal considere oportuno.

f) Recursos didácticos

A Aula de Óboe precisará dispoñer duns medios materiais para a consecución dos obxectivos propostos, sendo imprescindible o seguinte:

Materiais:

Atril, metrónomo e afinador.

Espello no que o alumno poda verse todo o corpo.

Piano e instrumentos (óboe).

Utensilios para a confección de canas: fío, navallas, pestanas, tubos de canas, pedras de afiar, mandril, alicates, arame, tesoiras, micrómetro, flexo,...

Aparato de reprodución e gravación sonora.

Métodos, estudos e repertorio orientativo, suxeito a modificacións según necesidades do alumno:

WASTALL, Peter: Aprende tocando el oboe. Boosey and Hawkes, 1980.
Unidades 1-10.

GUNA VILAR, J.J.: Técnica elemental del Oboe. Valencia: Piles editorial, 2000.
Páxinas 23-38

JAARSMA, Nynke & CASTELAIN, Jean: Look, Listen & Learn, Part 1. Ed. De Haske. Holland. 2001. Unidades (leccións ata 2 alteracións).

Escalas de DoM, Sol M e FaM (páxinas 61,62 e 68, respectivamente, do Guna.

HINCHLIFFE, Robert: The Really Easy Oboe Book, ed. Faber Music
(selección).

BARRATT, Carol: Bravo! Oboe, ed. Boosey & Hawkes, England (selección).

6.2. Curso: 2º GE

Obxectivos:

- Coidar tanto o instrumento como o material empregado con esmero.
- Mellorar a posición corporal para respirar con naturalidade e para favorecer a correcta colocación do instrumento.
- Avanzar no control da respiración diafragmática e dos músculos que forman a embocadura.
- Vixiar a correcta colocación da cana na boca.
- Acadala presión necesaria coa columna de aire para lograr emitir coa cana as notas SI, DO e DO#.
- Vixiar a colocación das mans para acadar maior destreza técnica que no curso anterior.
- Mostrar un maior interese polo estudo do óboe.
- Ir interiorizando hábitos de estudio correctos e eficaces para adquirir, cada vez, maior autonomía.
- Descubrir novas posibilidades do instrumento, aumentando o rexistro traballado.
- Aumentar o vocabulario musical referido á materia.
- Implicarse de xeito máis activo nalgúns aspectos da fabricación de lingüetas.
- Amosar unha mellora, acorde ó nivel, da sensibilidade auditiva que permita un maior desenrolo da afinación e unha evolución continua da calidade do

son.

- Executar melodías acordes ó nivel empregando as dúas primeiras octavas do instrumento, algunhas delas de memoria.
- Respectar os diferentes criterios dos compañeiros, tanto en música coma en calquera outra esfera do pensamento, tanto na clase individual coma na colectiva.
- Valorar a música de conxunto coma un aspecto fundamental na formación musical.
- Potenciar a adquisición de hábitos de hixiene para conservar o instrumento e os seus accesorios no mellor estado posible.
- Ampliar o rexistro do instrumento ata dúas octavas.
- Iniciar a comprensión da estrutura musical : Motivos, frases, cadencias, etc.
- Traballar a improvisación e a lectura a vista.
- Actuar en público.

Contidos:

- Superación dos contidos do curso anterior.
- Lectura a primeira vista e improvisación.
- Continuación do estudio da respiración diafragmática.
- A emisión.
- Desenvolvemento da capacidade pulmonar a través da práctica da relaxación e respiración.
- A posición do Corpo e do instrumento (hixiene postural).
- A memoria.
- A articulación.
- Mellora na axilidade dixital.
- Práctica de conxunto.

- Notas tidas sobre o rexistro medio, grave e primeira e segunda octava do instrumento.
- Pezas e temas populares, dúos, tríos, etc.
- Consolidación e mellora técnica das escalas vistas no curso anterior máis RE M. e Sib M., como mínimo.
- Ampliación da escala cromática a 2 octavas.
- Fortalecemento dos músculos faciais (embocadura) a través de exercicios de respiración con e sen instrumento (notas tidas controlando a afinación, calidade do son e dosificación do aire).
- Práctica da fabricación de canas (nun nivel moi básico).
- Desenvolvemento da sensibilidade auditiva como premisa para a obtención dunha boa calidade do son, empezando coa interpretación de dúos e tríos para desenvolver a afinación, o axuste e a precisión rítmica.
- Emisión do son en distintas dinámicas e alturas a través de exercicios específicos.
- Desenvolvemento da sensibilidade musical para a correcta interpretación e entendemento das estruturas musicais, co fin de incentivar o interese do alumno por coñecer outros aspectos da música.
- Hábitos de estudio correctos e eficaces.
- Coidado do material.
- Respecto ós demais.
- Implicación nas actividades.
- Mostra de interese ante o feito musical.
- Posta en escena nos concertos.
- Mellora da presión diafragmática.

-Mellora das capacidades técnicas a través do programa do curso e do estudio persoal.

-Mellora progresivamente do sentido da afinación relativa tanto na práctica individual como na de conxunto.

-Adquisición de elasticidade nos saltos de intervalos e cambios de rexistro.

-Insistencia no valor do silencio como medio eficaz para o rendemento do traballo individual e colectivo.

-Traballo da memoria

Avaliación

O profesor avaliará aos seus alumnos tendo en conta os obxectivos e os criterios de avaliación establecidos nesta programación para o seu curso. A avaliación será continua, cualitativa e integradora e o profesor valorará de forma constante o progreso dos alumnos ao longo de todo o curso, así como a súa asistencia e actitude.

Dada a progresividade da materia, a atención personalizada do alumnado na mesma, e a aplicación da avaliación continua, a cualificación en cada trimestre representará a valoración do progreso realizado ata ese momento. Polo tanto, a cualificación obtida no terceiro trimestre será a cualificación final do curso.

a) Criterios de avaliación:

- Repasar e consolidar os aspectos tratados no curso anterior (paso DO-RE, notas da 2ª octava, cromatismos, intervalos, articulación,...).
- Tocar a escala cromática en 2 octavas en negras a unha velocidade de NEGRA= 80.
- Tocar as escalas Maiores ata dúas alteración cos seus arpexos en corcheas nunha velocidade de NEGRA=80.
- Facer uso da respiración diafragmática.
- Interpretar as obras e os exercicios estipulados na programación.
- Coidar o material.
- Desenrolar una formación dentro do marco do respecto.
- Ser capaz de memorizar as escalas estudiadas, así como algúns fragmentos musicais.
- Tocar en público tratando de respectar o protocolo do concerto.
- Empezar a familiarizarse con algún proceso da fabricación de canas.
- Ser capaz de facer correctamente os matices máis básicos (f, p, crescendo, diminuendo,...).
- Consolidar o rexistro agudo da 2ª chave de octava.
- Incrementar a elasticidade nos saltos.
- Diferenciar pequenas estruturas musicais (frases, motivos,...)
- Practicar a lectura a vista e a improvisación.



b) Mínimos esixibles

	1ª AVALIACIÓN	2ª AVALIACIÓN	3ª AVALIACIÓN
EXERCICIO	-GUNA: páxinas: 37-40,49,123,121 -Control total paso Do-RE. -Cromatismos e escalas ata 1 alteración (diferentes articulacións)	-GUNA: páxinas: 41-44,50,51,123,121 -Cromatismos ata Do 2ª octava e escalas ata 2 alteracións (diferentes articulacións)	-GUNA: páxinas: 45-48,121,123 -Cromatismos ata Do 2ª octava e escalas ata 3 alteracións (diferentes articulacións)
ESTUDOS	-WASTALL : leccións 11-13 - JAARSMA & CASTELAIN : leccións 11-15. - Sellner Vol. II (exercicios de corcheas páx. 1 e 2)	-WASTALL : leccións 14-17 - JAARSMA & CASTELAIN : leccións 16-20 - Sellner Vol. II (exercicios de corcheas páx. 8,9, 36,37)	-WASTALL : leccións 18-21 - Sellner VOL. II (exercicios de corcheas páx. 15,16,41,42)
OBRAS	-1 peza	-1 peza	-1 peza

c) Procedementos e ferramentas de avaliación

A información que proporciona a avaliación é útil para ver se alcanzamos os obxectivos propostos, e en función disto, para rectificar e actualizar constantemente as dificultades que presente o/a alumno/a, tanto no proceso de ensino-aprendizaxe coma na súa programación. A avaliación será:

Inicial: Permitiranos saber os coñecementos previos do alumno/a sobre o tema para adecuar o desenvolvemento da materia ao seu nivel. Levarase a cabo na primeira semana do curso.

Continua: Permítenos un control e seguimento do proceso de ensinanza-aprendizaxe posibilitando a súa progresiva e continua adecuación ás dificultades e necesidades que vaian xurdindo respecto á planificación inicial.

Sumativa ou final: Consiste en comparar os obxectivos iniciais cos resultados finais e permitiranos coñecer se os/as alumnos/as alcanzaron os obxectivos propostos inicialmente.

Avaliación puntual nas audicións.

Realizaranse **controis** para reforzar o proceso avaliativo. Realizaranse **audicións internas** (de ser factible) ao final de cada trimestre, agrupando aos distintos alumnos por curso. Estarán presentes todos os profesores da materia coa finalidade de homoxeneizar criterios de avaliación e nivel educativo.

Así mesmo, debemos fomentar que o/a alumno/a participe no proceso de avaliación a través da **autoavaliación e a coavaliación**, para impulsar a súa autonomía, implicación responsable e a elaboración de xuízo e criterio.

Deste xeito previamente realizarase unha avaliación inicial do/da alumno/a para coñecer o nivel de partida dende o cal comeza a súa aprendizaxe. Durante todo o curso farase unha avaliación continua do/da alumno/a mediante a observación sistemática das actividades deseñadas para o seu desenvolvemento na aula. Así, as mesmas tarefas son á vez actividades de avaliación. Por último, concluirase cunha avaliación final resultado do traballo do/da alumno/a durante todo o curso, baseándose nos obxectivos conseguidos.

As **ferramentas de avaliación** que se utilizarán serán as seguintes:

-Traballo persoal diario: a observación sistemática clase a clase e o primeiro e mellor procedemento para acadar información fiable acerca do progreso do alumnado. Avaliaranse os exercicios de técnica, estudos e obras interpretadas polo alumno/a así como a súa actitude fronte a consecución dos obxectivos programados, ensaios con piano, ensaios grupais das clases colectivas e elaboración de canas.-

-Rexistro semanal: faranse anotacións semanais dos progresos que vaia alcanzando o/a alumno/a, das posibles dificultades que atope e daqueles puntos nos que necesite un maior apoio, tamén se tomará nota da asistencia do alumno/a e de aquelas cuestións que se considere oportunas (circunstancias familiares do alumno especiais, lesións ou enfermidades que o/a alumno/a puidera ter, compra de novo instrumento, etc.).

-Actitudes cara a materia e o traballo en grupo: curiosidade e creatividade, constancia e flexibilidade, comportamento respetuoso na aula e actitude positiva ante a materia, os compañeiros e o mestre. Reflexión sobre as súas ideas e actuacións, revisando, analizando e explicando.

-Avaliación puntual nas audicións. ademais de valoralos coñecementos, axuda a comprobar como se desenvolve o alumnado nunha situación na cal pode haber oíntes, xa sexa como público ou como tribunal. As audicións da especialidade poderán ter unha periodicidade trimestral onde os

alumnos/as interpretarán obras e estudos da programación con acompañamento de piano se así se require.

- Realizaranse **controis** para reforzar o proceso avaliativo. Realizaranse audicións internas (de ser factible) ao final de cada trimestre, agrupando aos distintos alumnos por curso. Estarán presentes todos os profesores da materia coa finalidade de homoxeneizar criterios de avaliación e nivel educativo.

d) Criterios de cualificación

Proba de aula: 10%	Audición: 10%	Traballo semanal: 80%
--------------------	---------------	-----------------------

No caso de que o alumno, só por motivos debidamente xustificados, non puidera realizar algún dos apartados anteriores dito apartado quedará excluído da ponderación e a porcentaxe do resto de apartados expandirase proporcionalmente.

g) Criterios para a concesión de ampliación de matrícula

Para solicitar a concesión de ampliación de matrícula nesta materia, o alumno deberá demostrar capacidade de traballo para o aproveitamento da ampliación, así como ter superado polo menos o 90% dos contidos do apartado mínimos esixibles na clase antes da reunión da última comisión que elevará dita solicitude ao consello escolar, quen poderá conceder dita ampliación.

h) Medidas de recuperación

Dado o carácter progresivo da materia, tendo en conta a atención individualizada na mesma e a aplicación da avaliación continua, a recuperación das avaliacións suspensas integrarase dentro das actividades programadas na seguinte avaliación. Deste xeito, as avaliacións que no foran

cualificadas positivamente consideraranse aprobadas se o alumno obtivera cualificación positiva na seguinte avaliación.

Para os alumnos que teñan a materia pendente de cursos anteriores realizarase un plan de traballo específico que contemple os obxectivos e contidos que aínda precisen ser superados ou mellorados e que poderá constar de actividades de reforzo, modificación das probas do curso ou probas complementarias.

i) Procedementos de recuperación ordinarios

Ao tratase dunha avaliación continua, a recuperación faise ao longo de todo o curso, reforzando as actividades en aqueles puntos nos que o/a alumno/a presente maior dificultade, servindo, deste modo, a propia actividade, como instrumento de avaliación.

No caso de que un/a alumno/a teña pendente a materia de óboe, deberá recuperala no presente curso, pero non se comezarán cos novos obxectivos ata que non se alcancen os do curso anterior. Nese momento, darase por recuperada a materia pendente.

Ó tratarse dunha avaliación continua, as actividades de recuperación serán as mesmas que as actividades de avaliación pero incidindo e aplicadas ós contidos que estean pendentes de recuperación. Así mesmo o plan de traballo para a superación da materia pendente consistirá na realización de exercicios, estudos e obras específicas encamiñadas á superación dos contidos correspondentes.

No caso da **perda da avaliación continua** o alumnado deberá realizar unha proba extraordinaria valorada por un tribunal formado polo profesor/a ou polos profesores/as da especialidade de óboe que consistirá na interpretación dos exercicios de técnica, estudos e obras

que o tribunal considere dentro da bibliografía exposta para cada curso.
Os criterios de cualificación serán os mesmos que os das probas
extraordinarias de setembro.

**Métodos, estudos e repertorio orientativo, suxeito a modificacións según
necesidades do alumno/a:**

WASTALL, Peter: Aprende tocando el oboe. Boosey and Hawkes, 1980.
Unidades 11-fin.

GUNA VILAR, J.J.: Técnica elemental del Oboe. Valencia: Piles
editorial, 2000.

JAARSMA, Nynke & CASTELAIN, Jean: Look, Listen & Learn, Part 1.
Ed. De Haske. Holland. 2001.

SELLNER, J.: Estudios progresivos, vol. II.

Escalas ata tres alteracións.

HINCHLIFFE, Robert: The Really Easy Oboe Book, ed. Faber Music
(selección).

BARRATT, Carol: Bravo! Oboe, ed. Boosey & Hawkes, England (selección).

6.3. Curso: 3º GE

Obxectivos

- Practicar escalas e arpexos, maiores e menores nas tonalidades de ata catro alteracións propias.
- Practicar exercicios de extensión en terceiras e cuartas nos modos maior e menor e nas tonalidades de ata dúas alteracións como mínimo.
- Axilizar o mecanismo e a articulación.
- Continuar co atado das canas, e ter información sobre o(s) tipo/s de raspado das mesmas.
- Ampliar a gama dinámica.
- Ampliar o repertorio con diferentes estilos musicais.
- Practicar a lectura a primeira vista e a improvisación.
- Coidar tanto o instrumento como o material empregado con esmero.
- Consolidar a posición corporal para respirar con naturalidade e favorecer a correcta colocación do instrumento.
- Adquirir xa un control considerable da respiración diafragmática e dos músculos que forman a embocadura.
- Acadala presión necesaria coa columna de aire para conseguir ampliar o rexistro do instrumento, mínimo ata o Re agudo.
- Mellorar na destreza técnica a través do programa previsto para o curso.

- Empezar a amosar xa un interese importante polo estudio do óboe, non só como un mero pasatempo, senón como algo que xa forma parte da súa vida diaria.
- Acadar certa autonomía no estudio, inculcada pola ensinanza de hábitos eficaces.
- Descubrir novas posibilidades do instrumento, aumentando o rexistro traballado ata o re agudo.
- Aumentar o vocabulario musical referido á materia.
- Participar activamente no proceso de atado de canas acadando xa certo nivel.
- Amosar unha mellora acorde ó nivel da sensibilidade auditiva que permita un maior desenrolo da afinación e unha evolución continua da calidade do son.
- Executar melodías acordes ó nivel, algunhas delas de memoria, empregando, como mínimo, un rexistro ata o Re agudo.
- Respectar os diferentes criterios dos compañeiros, tanto en música coma en calquera outra esfera do pensamento, tanto na clase individual coma na colectiva.
- Valorar a música de conxunto coma un aspecto fundamental na formación musical.
- Consolidación dos hábitos de hixiene para conservar o instrumento e os seus acesorios no mellor estado posible.
- Executar correctamente (dixitación e afinación) o rexistro comprendido entre o si bemol grave e re sobreagudo.
- Realizar escalas de memoria ata catro alteracións na armadura.
- Adquirir o hábito de interpretar en público e tamén de memoria e con

corrección o repertorio con acompañamento de piano correspondente a este curso.

-Saber empregar con precisión os reflexos necesarios para corrixir de

forma automática a afinación das notas e a calidade do son.

-Coñecer as características e as posibilidades sonoras do instrumento e sabelas empregar, dentro das esixencias do nivel, tanto na interpretación individual como na de conxunto.

-Demostrar unha sensibilidade auditiva que permita o control permanente de afinación e o perfeccionamento continuo da calidade sonora.

-Emitir un son estable, en toda a extensión coñecida do instrumento, comezando a Interpretar un repertorio básico integrado por obras de diferentes épocas e estilos, dunha dificultade acorde a este nivel.

Contidos

- Axilización do mecanismo, elasticidade e homoxeneidade do son.
- Axilización das distintas articulacións.
- Enriquecemento da gama dinámica.
- Ampliación do repertorio de obras de distintos estilos.
- Lectura a primeira vista e traballo da improvisación..
- Progresión na confección de lengüetas
- Actuacións en público.
- Memorización.
- Iniciación á comprensión das estruturas musicais para relizar unha interpretación consciente.
- Realización de escalas e arpexios, maiores e menores ata catro alteracións.
- Realización de exercicios de extensión en terceiras e cuartas nos modos maior e menor ata 4 alteracións.
- Adquisición de técnicas eficaces de estudio para lograr unha autonomía no traballo e valorar o rendemento persoal.
- Realización de notas longas, exercicios melódicos e de mecanismo dentro do ámbito comprendido entre o si (si3) bemol grave e re sobreagudo.

Avaliación

O profesor avaliará aos seus alumnos tendo en conta os obxectivos e os criterios de avaliación establecidos nesta programación para o seu curso. A avaliación será continua, cualitativa e integradora e o profesor valorará de forma constante o progreso dos alumnos ao longo de todo o curso, así como a súa asistencia e actitude.

Dada a progresividade da materia, a atención personalizada do alumnado na mesma, e a aplicación da avaliación continua, a cualificación en cada trimestre representará a valoración do progreso realizado ata ese momento. Polo tanto, a cualificación obtida no terceiro trimestre será a cualificación final do curso.

a) Criterios de avaliación

- Tocar a escala cromática ata o RE sobreagudo en corcheas a unha velocidade de NEGRA= 80.
- Tocar as escalas Maiores e menores ata 4 alteración cos seus arpexos en corcheas nunha velocidade de NEGRA=80.
- Facer xa un uso correcto da respiración diafragmática.
- Interpretar correctamente as obras e os exercicios estipulados na programación.
- Coidar o material.
- Desenrolar una formación dentro do marco do respecto.
- Ser capaz de memorizar algúns fragmentos dunha amplitude maior que no curso pasado.
Dado o carácter progresivo da materia, tendo en conta a atención individualizada na mesma e a aplicación da avaliación continua, a recuperación das avaliacións suspensas integrarase dentro das actividades programadas na seguinte avaliación. Deste xeito, as avaliacións que no foran cualificadas positivamente consideraranse aprobadas se o alumno obtivera cualificación positiva na seguinte avaliación.

Para os alumnos que teñan a materia pendente de cursos anteriores realizarase un plan de traballo específico que contemple os obxectivos e contidos que aínda precisen ser superados ou mellorados e que poderá constar de actividades de reforzo, modificación das probas do curso ou probas complementarias.

g) Criterios para a concesión de ampliación de matrícula

Para solicitar a concesión de ampliación de matrícula nesta materia, o alumno deberá demostrar capacidade de traballo para o aproveitamento da ampliación, así como ter superado polo menos o 90% dos contidos do apartado mínimos esixibles na clase antes da reunión da última comisión que elevará dita solicitude ao consello escolar, quen poderá conceder dita ampliación.

h) Medidas de recuperación

Dado o carácter progresivo da materia, tendo en conta a atención individualizada na mesma e a aplicación da avaliación continua, a recuperación das avaliacións suspensas integrárase dentro das actividades programadas na seguinte avaliación. Deste xeito, as avaliacións que no foran cualificadas positivamente consideraranse aprobadas se o alumno obtivera cualificación positiva na seguinte avaliación.

Para os alumnos que teñan a materia pendente de cursos anteriores realizarase un plan de traballo específico que contemple os obxectivos e contidos que aínda precisen ser superados ou mellorados e que poderá constar de actividades de reforzo, modificación das probas do curso ou probas complementarias.

i) Procedementos de recuperación ordinarios

Ao tratase dunha avaliación continua, a recuperación faise ao longo de todo o curso, reforzando as actividades en aqueles puntos nos que o/a alumno/a presente maior dificultade, servindo, deste modo, a propia actividade, como instrumento de avaliación.

No caso de que un/a alumno/a teña pendente a materia de óboe,

deberá recuperala no presente curso, pero non se comezarán cos novos obxectivos ata que non se alcancen os do curso anterior. Nese momento, darase por recuperada a materia pendente.

Ó tratarse dunha avaliación continua, as actividades de recuperación serán as mesmas que as actividades de avaliación pero incidindo e aplicadas ós contidos que estean pendentes de recuperación. Así mesmo o plan de traballo para a superación da materia pendente consistirá na realización de exercicios, estudos e obras específicas encamiñadas á superación dos contidos correspondentes.

No caso da **perda da avaliación continua** o alumnado deberá realizar unha proba extraordinaria valorada por un tribunal formado polo profesor/a ou polos profesores/as da especialidade de óboe que consistirá na interpretación dos exercicios de técnica, estudos e obras que o tribunal considere dentro da bibliografía exposta para cada curso.

Os criterios de cualificación serán os mesmos que os das probas extraordinarias de setembro.

j) Probas extraordinarias de setembro

Os alumnos que non obtiveron cualificación positiva na avaliación de xuño poderán presentarse á proba extraordinaria de setembro e presentarán polo menos os contidos do apartado mínimos esixibles. O alumno/a interpretará as escalas, estudos e obras que o tribunal considere oportuno.

k) Recursos didácticos

A Aula de Óboe precisará dispoñer duns medios materiais para a consecución dos obxectivos propostos, sendo imprescindible o seguinte:

Materiais:

Atril, metrónomo e afinador.

Espello no que o alumno poda verse todo o corpo.

Piano e instrumentos (óboe).

Utensilios para a confección de canas: fío, navallas, pestanas, tubos de canas, pedras de afiar, mandril, alicates, arame, tesoiras, micrómetro, flexo,...

Aparato de reprodución e gravación sonora

Métodos, estudos e repertorio orientativo:

-Bleuzet vol. II: selección

-W. FERLING, “48 études, op. 31”, estudos 25-37

-Sigismondo SINGER “Método Teórico-Práctico para oboe” vol III, (exercicios 1- 5)

-J.H. LUFT, “24 estudios” (estudios 1-12)

-Sergio CROZZOLI, “12 studi Poliritmici per oboe”, estudos 1-5

-BARRET : 16 Grandes estudios (1- 8)

Repertorio de concerto orientativo suxeito a modificacións dependendo das necesidades do/a alumno/a:

- Antonio VIVALDI, "Concerto para óboe en Re menor"
- Georg Friedrich HANDEL, "Sonata nº 3 en Fa maior"
- G. Ph. TELEMANN, "Sonata en la menor"
- Carl Philipp Emanuel BACH, "Sonata en Sol menor Wotq 135"
- Georg F. TELEMANN, "Concerto en Fa menor para óboe, cordas e continuo".
- W. A. MOZART, "Cuarteto para óboe e cordas"
- W. A. Mozart, "Adagio para corno inglés" KV 580a.
- Ludwig August LEBRUN (1752-1790), "Concerto nº 1 Re m"
- Ludwig van BEETHOVEN (1770-1827), "Variationen über Là ci darem la mano"
- Carl Maria von WEBER, "Concertino para óboe e conxunto de vento"
- Christian F. BARTH (1787-1861), "Sonata Brillante"
- Pascual VEIGA, "Alborada Galega para óboe e piano"
- Paul PIERNÉ, "Fantasie pastoral para óboe e piano"
- Francis POULENC, "Sonata para óboe y piano"
- Paulino PEREIRO, "Peza para óboe e piano. Op. 161a"
- Juan PÉREZ BERNÁ, "Electrosuite" para corno inglés e piano.

6.10. Curso: 6º GP

Obxectivos

- Perfeccionar a elasticidade e o mecanismo para lograr unha mellor interpretación.
- Mellorar o control da dosificación do aire.
- Iniciar a respiración circular e dobre picado.
- Afondar na interpretación da música das diferentes épocas e estilos.
- Perfeccionar a técnica do raspado da cana progresivamente ata o seu acabado final de acordo ó nivel esixible.
- Ampliar o repertorio da música orquestral.
- Conseguir un atado perfecto das palletas.
- Dominar as posicións de notas sobreagudas
- Participar nas audicións propostas nas diferentes avaliacións.
- Aplicar o vibrato á execución musical dacordo co estilo e o fraseo.
- Desenvolver a capacidade de lectura a primeira vista.
- Aplicar os coñecementos musicais adquiridos para a improvisación co instrumento.
- Adquirir e aplicar progresivamente ferramentas e competencias para o desenvolvemento da memoria.
- Interpretar obras con escritura non convencional (contemporáneas).
- Coñecer algúns tipos de grafías e linguaxes empregados na música contemporánea, dunha forma adecuada ó nivel.
- Desempeñar papeis de solista con orquestra en obras adecuadas ó seu nivel.
- Tocar en público de memoria.

-Dominar a memoria.

Contidos

- Práctica de exercicios combinados de elasticidade e mecanismo.
- Exercicios para traballar o control da dosificación do aire.
- Práctica de exercicios de respiración circular: sen cana, con cana e con instrumento.
- Práctica de exercicios para o control dos movementos da lingua no dobre picado.
- Estudio do repertorio solístico e orquestral de diferentes épocas e estilos de dificultade acorde ó nivel.
- Iniciación do estudo do corno inglés mediante exercicios técnicos e a interpretación dunha obra.
- Estudo das novas notas sobreagudas.
- Desenvolvemento en profundidade de diferentes exercicios de velocidade e articulación.
- Estudo e aplicación correcta de diferentes calidades de vibrato.
- Aumento progresivo da velocidade nas diferentes articulacións.
- Revisión do atado das lingüetas.
- Autonomía na fabricación das lingüetas.
- Traballo dos elementos que interveñen no fraseo musical.
- Audicións comparadas de diferentes intérpretes para un análise crítico das diversas versións.
- Ensaio cos pianistas para as diferentes audicións programadas.

- Práctica de diferentes obras do repertorio de óboe.
- Control da memoria.
- Interese polo estudo do óboe/corno inglés e da música en xeral.
- Práctica de música de conxunto.
- Práctica da lectura a vista.

- Análise das obras e dos elementos que constitúenas internamente.
- Interese por unha formación musical integradora.
- Práctica de conxunto coa orquestra.

Avaliación

O profesor avaliará aos seus alumnos tendo en conta os obxectivos e os criterios de avaliación establecidos nesta programación para o seu curso. A avaliación será continua, cualitativa e integradora e o profesor valorará de forma constante o progreso dos alumnos ao longo de todo o curso, así como a súa asistencia e actitude.

Dada a progresividade da materia, a atención personalizada do alumnado na mesma, e a aplicación da avaliación continua, a cualificación en cada trimestre representará a valoración do progreso realizado ata ese momento. Polo tanto, a cualificación obtida no terceiro trimestre será a cualificación final do curso.

a) Criterios de avaliación

-Utilizar o esforzo muscular, a respiración e relaxación adecuados ás esixencias da execución instrumental. Con este criterio preténdese avaliar o dominio da coordinación motriz e o equilibrio entre os indispensables esforzos musculares que require a execución instrumental e o grao de relaxación necesaria para evitar tensións que conduzan a unha perda de control na execución.

-Demostrar o dominio na execución de estudos e obras sen desligar os aspectos técnicos dos musicais. Este criterio avalía a capacidade de relacionar os coñecementos técnicos e teóricos necesarios para alcanzar unha interpretación adecuada.

-Demostrar sensibilidade auditiva na afinación e no uso das posibilidades sonoras do instrumento. Mediante este criterio preténdese avaliar o coñecemento das características e do funcionamento mecánico do instrumento e a utilización das súas posibilidades.

-Demostrar capacidade para abordar individualmente o estudo das obras de repertorio. Con este criterio preténdese avaliar a autonomía do alumnado e a súa competencia para emprender o estudo individualizado e a resolución dos problemas que se lle susciten no estudo.

- Demostrar solvencia na lectura a primeira vista e capacidade progresiva na improvisación sobre o instrumento. Este criterio avalía a competencia progresiva que adquira o alumnado na lectura a primeira vista así como a súa desenvoltura para abordar a improvisación no instrumento aplicando os coñecementos adquiridos.

-Interpretar obras das distintas épocas e estilos como solista e en grupo. Trátase de avaliar o coñecemento que o alumnado posúe do repertorio do seu instrumento e das súas obras máis representativas, así como o grao de sensibilidade e imaxinación para aplicar os criterios estéticos correspondentes.

-Interpretar de memoria obras do repertorio solista de acordo cos criterios do estilo correspondente. Mediante este criterio valórase o dominio e a comprensión que o alumnado posúe das obras, así como a capacidade de concentración sobre o resultado sonoro das mesmas.

-Demostrar a autonomía necesaria para abordar a interpretación dentro das marxes de flexibilidade que permita o texto musical. Este criterio avalúa o concepto persoal estilístico e a liberdade de interpretación dentro do respecto ao texto.

-Mostrar unha autonomía progresivamente maior na resolución de problemas técnicos e interpretativos. Con este criterio quérese comprobar o desenvolvemento que o alumnado alcanzou en canto aos hábitos de estudo e a capacidade de autocrítica.

-Presentar en público un programa adecuado ao seu nivel demostrando capacidade comunicativa e calidade artística. Mediante este criterio preténdese avaliar a capacidade de autocontrol e grao de madurez da súa personalidade artística.

- Ser capaz de improvisar fragmentos con sentido.

- Poder leer a vista pezas sinxelas.



b) Mínimos esixibles

	1ª AVALIACIÓN	2ª AVALIACIÓN	3ª AVALIACIÓN
EXERCICIOS	-Dominio completo das escalas en diferentes articulacións e intervalos. -Total autonomía no atado e no raspado das canas.	-Dominio completo das escalas en diferentes articulacións e intervalos. -Total autonomía no atado e no raspado das canas.	-Dominio completo das escalas en diferentes articulacións e intervalos. -Total autonomía no atado e no raspado das canas.
ESTUDOS	-SINGER vol.III: 1 exercicio - 48 ESTUDIOS DE FERLING: 4 estudos - 24 estudos de LUFT: 3 estudos -16 Grandes estudos de BARRET: 2 estudos.	-SINGER vol.III: 1 exercicio - 48 ESTUDIOS DE FERLING: 2 estudos - 24 estudos de LUFT: 3 estudos -16 Grandes estudos de BARRET: 2 estudos.	-SINGER vol.III: 1 exercicio - 48 ESTUDIOS DE FERLING: 2 estudos - 24 estudos de LUFT: 3 estudos -16 Grandes estudos de BARRET: 2 estudos.
OBRAS	-1 peza	-1 peza	-1 peza

c) Procedementos e ferramentas de avaliación

A información que proporciona a avaliación é útil para ver se alcanzamos os obxectivos propostos, e en función disto, para rectificar e actualizar constantemente as dificultades que presente o/a alumno/a, tanto no proceso de ensino-aprendizaxe coma na súa programación. A avaliación será:

- **Inicial:** Permitiranos saber os coñecementos previos do alumno/a sobre o tema para adecuar o desenvolvemento da materia ao seu nivel. Levarase a cabo na primeira semana do curso.
- **Continúa:** Permítenos un control e seguimento do proceso de ensinanza- aprendizaxe posibilitando a súa progresiva e continua adecuación ás dificultades e necesidades que vaian xurdindo respecto á planificación inicial.
- **Sumativa ou final:** Consiste en comparar os obxectivos iniciais cos resultados finais e permitiranos coñecer se os/as alumnos/as alcanzaron os obxectivos propostos inicialmente.
- **Avaliación puntual** nas audicións.
- Realizaranse **controis** para reforzar o proceso avaliativo. Realizaranse **audicións internas** (de ser factible) ao final de cada trimestre, agrupando aos distintos alumnos por curso. Estarán presentes todos os profesores da materia coa finalidade de homoxeneizar criterios de avaliación e nivel educativo.
- Así mesmo, debemos fomentar que o/a alumno/a participe no proceso de avaliación a través da **autoavaliación e a coavaliación**,

para impulsar a súa autonomía, implicación responsable e a elaboración de xuízo e criterio.

Deste xeito previamente realizarase unha avaliación inicial do/da alumno/a para coñecer o nivel de partida dende o cal comeza a súa aprendizaxe. Durante todo o curso farase unha avaliación continua do/da alumno/a mediante a observación sistemática das actividades deseñadas para o seu desenvolvemento na aula. Así, as mesmas tarefas son á vez actividades de avaliación. Por último, concluirase cunha avaliación final resultado do traballo do/da alumno/a durante todo o curso, baseándose nos obxectivos conseguidos.

As **ferramentas de avaliación** que se utilizarán serán as seguintes:

-Traballo persoal diario: a observación sistemática clase a clase e o primeiro e mellor procedemento para acadar información fiable acerca do progreso do alumnado. Avaliaranse os exercicios de técnica, estudos e obras interpretadas polo alumno/a así como a súa actitude fronte a consecución dos obxectivos programados, ensaios con piano, ensaios grupais das clases colectivas e elaboración de canas.

- Rexistro semanal: faranse anotacións semanais dos progresos que vaia alcanzando o/a alumno/a, das posibles dificultades que atope e daqueles puntos nos que necesite un maior apoio, tamén se tomará nota da asistencia do alumno/a e de aquelas cuestións que se considere oportunas (circunstancias familiares do alumno especiais, lesións ou enfermidades que o/a alumno/a puidera ter,

compra de novo instrumento, etc.).

- **Actitudes** cara a materia e o traballo en grupo: curiosidade e

- creatividade, constancia e flexibilidade, comportamento respetuoso na aula e actitude positiva ante a materia, os compañeiros e o mestre. Reflexión sobre as súas ideas e actuacións, revisando, analizando e explicando.

- **Avaliación puntual** nas audicións. ademais de valora-los coñecementos, axuda a comprobar como se desenvolve o alumnado nunha situación na cal pode haber oíntes, xa sexa como público ou como tribunal. As audicións da especialidade poderán ter unha periodicidade trimestral onde os alumnos/as interpretarán obras e estudos da programación con acompañamento de piano se así se require.

- Realizaranse **controis** para reforzar o proceso avaliativo. Realizaranse audicións internas (de ser factible) ao final de cada trimestre, agrupando aos distintos alumnos por curso. Estarán presentes todos os profesores da materia coa finalidade de homoxeneizar criterios de avaliación a nivel educativo.

d) Criterios de cualificación

Proba de aula: 20%	Audición: 30%	Traballo semanal: 50%
--------------------	---------------	-----------------------

No caso de que o alumno, só por motivos debidamente xustificados, non puidera realizar algún dos apartados anteriores dito apartado quedará excluído da ponderación e a porcentaxe do resto de apartados expandirase proporcionalmente.

e) Criterios para a concesión de ampliación de matrícula

Para solicitar a concesión de ampliación de matrícula nesta materia, o alumno deberá demostrar capacidade de traballo para o aproveitamento da ampliación, así como ter superado polo menos o 90% dos contidos do apartado mínimos esixibles na clase antes da reunión da última comisión que elevará dita solicitude ao consello escolar, quen poderá conceder dita ampliación.

f) Medidas de recuperación

Dado o carácter progresivo da materia, tendo en conta a atención individualizada na mesma e a aplicación da avaliación continua, a recuperación das avaliacións suspensas integrarase dentro das actividades programadas na seguinte avaliación. Deste xeito, as avaliacións que no foran cualificadas positivamente consideraranse aprobadas se o alumno obtivera cualificación positiva na seguinte avaliación.

Para os alumnos que teñan a materia pendente de cursos anteriores realizarase un plan de traballo específico que contemple os obxectivos e contidos que aínda precisen ser superados ou mellorados e que poderá constar de actividades de reforzo, modificación das probas do curso ou probas complementarias.



g) Criterios para a concesión de ampliación de matrícula

Para solicitar a concesión de ampliación de matrícula nesta materia, o alumno deberá demostrar capacidade de traballo para o aproveitamento da ampliación, así como ter superado polo menos o 90% dos contidos do apartado mínimos esixibles na clase antes da reunión da última comisión que elevará dita solicitude ao consello escolar, quen poderá conceder dita ampliación.

h) Medidas de recuperación

Dado o carácter progresivo da materia, tendo en conta a atención individualizada na mesma e a aplicación da avaliación continua, a recuperación das avaliacións suspensas integrárase dentro das actividades programadas na seguinte avaliación. Deste xeito, as avaliacións que no foran cualificadas positivamente consideraranse aprobadas se o alumno obtivera cualificación positiva na seguinte avaliación.

Para os alumnos que teñan a materia pendente de cursos anteriores realizarase un plan de traballo específico que contemple os obxectivos e contidos que aínda precisen ser superados ou mellorados e que poderá constar de actividades de reforzo, modificación das probas do curso ou probas complementarias.

i) Procedementos de recuperación ordinarios

Ao tratase dunha avaliación continua, a recuperación faise ao longo de todo o curso, reforzando as actividades en aqueles puntos nos que o/a alumno/a presente maior dificultade, servindo, deste modo, a propia actividade, como instrumento de avaliación.

No caso de que un/a alumno/a teña pendente a materia de óboe,

deberá recuperala no presente curso, pero non se comezarán cos novos obxectivos ata que non se alcancen os do curso anterior. Nese momento, darase por recuperada a materia pendente.

Ó tratarse dunha avaliación continua, as actividades de recuperación serán as mesmas que as actividades de avaliación pero incidindo e aplicadas ós contidos que estean pendentes de recuperación. Así mesmo o plan de traballo para a superación da materia pendente consistirá na realización de exercicios, estudos e obras específicas encamiñadas á superación dos contidos correspondentes.

No caso da **perda da avaliación continua** o alumnado deberá realizar unha proba extraordinaria valorada por un tribunal formado polo profesor/a ou polos profesores/as da especialidade de óboe que consistirá na interpretación dos exercicios de técnica, estudos e obras que o tribunal considere dentro da bibliografía exposta para cada curso.

Os criterios de cualificación serán os mesmos que os das probas extraordinarias de setembro.

j) Probas extraordinarias de setembro

Os alumnos que non obtiveron cualificación positiva na avaliación de xuño poderán presentarse á proba extraordinaria de setembro e presentarán polo menos os contidos do apartado mínimos esixibles. O alumno/a interpretará as escalas, estudos e obras que o tribunal considere oportuno.

k) Recursos didácticos

A Aula de Óboe precisará dispoñer duns medios materiais para a consecución dos obxectivos propostos, sendo imprescindible o seguinte:

Materiais:

Atril, metrónomo e afinador.

Espello no que o alumno poda verse todo o corpo.

Piano e instrumentos (óboe).

Utensilios para a confección de canas: fío, navallas, pestanas, tubos de canas, pedras de afiar, mandril, alicates, arame, tesoiras, micrómetro, flexo,...

Aparato de reprodución e gravación sonora

Métodos, estudos e repertorio orientativo:

-W. FERLING, “48 études, op. 31”, estudos 38-48

-A.M. BARRET, “Méthode Complète de Hautbois”, vol. III. Grandes Etudes 7-16, -

-Sigismondo SINGER “Método Teórico-Práctico para oboe” vol III, (exercicios 6- 12)

-J.H. LUFT, “24 estudios” (estudios 13-24)

-Sergio CROZZOLI, “12 studi Poliritmici per oboe”, estudos 1-5

-BARRET : 16 Grandes estudios (9-16)

Repertorio de concerto orientativo suxeito a modificacións según necesidades do alumno:

- Alessandro MARCELLO, “Concerto para óboe e cordas en Re menor”
- Antonio Vivaldi “Concerto en Fa maior para óboe, cordas e continuo”
- J. S. BACH Concerto Sol m BWV 1056
- G. F. TELEMANN Partita IV Sol m
- G. F. TELEMANN “Sonata en mi menor”
- J. HAYDN (1732-1809), “Concerto para óboe en Do maior”
- W. A. MOZART “Concerto para óboe en Do maior” (primer movement)
- Ludwig van BEETHOVEN, “Trío para dous óboes e corno inglés”
- Johannes Wenceslaus KALIWODA (1801-1866), “Morceau de Salon Op. 228”
- Robert SCHUMANN, “Tres Romanzas para óboe”
- Camille SAINT-SAENS “Sonata para óboe e piano”
- Eugène BOZZA “Fantasía Pastoral”
- Juan PÉREZ BERNÁ “A costa dos Indios Tónicos”
- Juan PÉREZ BERNÁ “A Illa das Lembranzas”
- B. Britten “Six Metamorphoses after Ovid” Op. 49
- Witold LUTOSLAWSKI “Epitafium” para óboe e piano
- Estractos orquestales (selección)

7. *Procedementos de avaliación e seguimento da programación didáctica*

Ao longo do curso, nas reunións do departamento, os profesores revisarán de forma permanente o grao de cumprimento da programación así como os resultados académicos dos alumnos, tendo en conta tanto os obxectivos e contidos propostos, como as características individuais de cada un dos alumnos: avaliación inicial, atención nas clases, tempo dedicado ao instrumento, condicións, talento, capacidades, actitude, etc.

Os profesores informarán aos alumnos e aos seus pais do grao de cumprimento dos mínimos esixidos, dos criterios cos que van ser avaliados e da súa evolución.

Así mesmo, para un bo desenvolvemento da acción tutorial e unha atención individualizada, intentarase manter un contacto continuo co resto dos departamentos para ter unha visión global do desenvolvemento de cada alumno.

8. *Procedementos para realizar a avaliación interna do departamento*

As reunións do departamento son o foro onde se realizará de forma permanente, a avaliación interna das estratexias metodolóxicas do departamento, valorando o grao de cumprimento da programación, os resultados académicos, os resultados artísticos etc. Todo iso, tendo en conta a idiosincrasia propia do instrumento, así como a individualidade de cada un dos alumnos: o seu grao de compromiso co estudo, facultades, talento, esforzo, interese no estudo do instrumento, actitude, etc.

Comentaranse regularmente as audicións realizadas polos alumnos, os resultados globais de cada avaliación e calquera cuestión que os membros do departamento consideren oportuna. Trasladaranse á comisión de coordinación pedagóxica os puntos que os profesores estimen necesarios. Finalmente revisaranse as porcentaxes finais de aprobados e suspensos e unificando criterios para obter o óptimo desenvolvemento musical, artístico e instrumental dos alumnos.

Por outra banda, dentro desta avaliación interna, terase en conta e de forma moi destacada, os medios físicos e humanos cos que conta o departamento: material impreso: partituras, libros de consulta, revistas especializadas, instrumentos e o seu estado (pianos de cola en número suficiente e aulas con dous pianos), mobiliario adecuado, orzamento para actividades, cursos, clases maxistras, dispoñibilidade de aulas para clases de apoio, número de profesores axeitado en relación coa demanda, cursos de



formación específicos para o profesorado e flexibilidade para a súa reciclaxe, flexibilidade para a realización de proxectos artísticos por parte dos profesores etc.; en definitiva, os medios básicos para alcanzar un ensino profesional de calidade, e que permita aos profesores e alumnos levar a cabo, de forma real os obxectivos que a programación expón só dunha forma teórica.

9. ANEXOS

9.1. Probas de acceso 1º de grao profesional:

A proba de acceso a 1º de G.P. consistirá (según normativa vixente) nunha proba de interpretación co óboe de tres obras de diferentes estilos, unha delas de memoria, e outra proba para avaliar a capacidade auditiva e os seus coñecementos de linguaxe musical. A nota final da proba será a media ponderada, un 70% a proba de instrumento e un 30% a de linguaxe musical. Deberase obter polo menos un cinco sobre dez para superar cada unha das probas.

A cualificación final obterase mediante a media aritmética da nota obtida en cada unha das probas (instrumento e linguaxe musical). Para unha cualificación positiva deberase obter polo menos un cinco en cada unha das probas.

Na proba de acceso interpretaranse, como xa dixemos, **tres obras de diferentes estilos, unha delas de memoria** (ou un movemento, se ten varios). Será obrigatorio levar as partituras orixinais ademais dun mínimo de dúas copias da parte de piano (se a obra leva acompañamento de piano) para o tribunal. Ademais tamén será obrigatorio que o alumno/a leve pianista acompañante se as obras así o requiren.

As obras e os métodos que se requirirán serán os mesmos que aparecen asignados para cada curso desta programación ou outros de similares características. Polo tanto, @ aspirante pode guiarse, como medida



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE
E FORMACIÓN PROFESIONAL



CMUS

PROFESIONAL
DA CORUÑA

Praza do Conservatorio, s/n. 15011 A Coruña

T. 981 276 800 / F. 981 276 767

www.cmusprofesionalcoruna.es

**orientativa, polos contidos recomendados nesta programación para o curso
precedente ó que aspira.**

a) Criterios de cualificación

Técnica	Fraseo e Interpretación	Dificultade do Repertorio	Coordinación co Acompañante
50%	30%	10%	10%

b) Criterios de avaliación

- Memorizar e interpretar textos musicais empregando a medida, a afinación, a articulación e o fraseo adecuados ao seu contido. Este criterio de avaliación pretende comprobar, a través da memoria, a correcta aplicación dos coñecementos teórico-prácticos da linguaxe musical.
- Interpretar obras de acordo cos criterios do estilo correspondente. Este criterio de avaliación pretende comprobar a capacidade do alumnado para empregar o tempo, a articulación e a dinámica como elementos básicos da interpretación.
- Interpretar en público, como solista e de memoria, obras representativas do seu nivel no instrumento, con seguridade e control da situación. Este criterio de avaliación trata de comprobar a capacidade de memoria, interpretación e autocontrol, e o dominio da obra estudada. Así mesmo, pretende estimular o interese polo estudo e fomentar as capacidades de equilibrio persoal que lle permitan enfrontarse con naturalidade ante un público.
- Actuar como membro dun grupo e manifestar a capacidade de tocar ou cantar, ao mesmo tempo que escoita e se adapta ao resto dos instrumentos ou das voces. Este criterio de avaliación presta atención á capacidade do alumnado para adaptar



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE
E FORMACIÓN PROFESIONAL



CMUS

PROFESIONAL
DA CORUÑA

Praza do Conservatorio, s/n. 15011 A Coruña
T. 981 276 800 / F. 981 276 767
www.cmusprofesionalcoruna.es

a súa afinación, precisión rítmica, dinámica, etc., á dos
seus compañeiros ou compañeiras nun traballo
común.

- ■ Ter asimilados os contidos de 4º curso de grao elemental.

9.2. Probas de acceso a outros cursos

Na proba de acceso interpretaranse **tres obras de diferentes estilos, unha delas de memoria** (ou un movemento, se ten varios), **dous estudos, un fragmento de lectura a primeira vista acorde ó nivel, e algunha escala.** Ademais, tamén será obrigatorio que o alumno/a leve pianista acompañante no grao profesional se as obras así o requiren.

Contidos

As obras e os métodos que se requirirán serán os mesmos que aparecen asignados para cada curso desta programación ou outros de similares características. Polo tanto, @ aspirante pode guiarse, como medida orientativa, polos contidos recomendados nesta programación para o curso precedente ó que aspira.

Criterios de avaliación e cualificación

Avaliaranse cunha representación do 10% sobre a nota final cada un destes aspectos:

- a postura do corpo no desenrolo da execución musical.
- a eficacia da técnica da respiración amosada.
- a calidade do son e a súa emisión.
- a calidade da articulación e do “legato”.
- a capacidade de afina-lo instrumento con respecto ó piano e a capacidade de manter a afinación ó longo da interpretación.
- Avaliarase positivamente a presenza do vibrato controlado ó longo do desenrolo do discurso musical.
- a amplitude dinámica mostrada.



- a capacidade expresiva amosada.

- a coherencia na interpretación musical
(interpretación sen pausas, con seguridade no discurso musical e dentro do estilo).

- a seguridade amosada durante o desenrolo da proba.

9.3. Criterios para a obtención dos premios fin de grao.

Procedemento e contido

Os alumnos que opten ao premio de fin de grao profesional deberán interpretar dúas obras co acompañamento de piano, de ser necesario, ó seu cargo: unha obra de libre elección máis unha obrigada.

Todos os aspirantes deberán interpretar como obra obrigada con acompañamento de piano a **“Fantasía Pastoral” para óboe e piano de Eugène BOZZA.**

Criterios de avaliación

-Utilizar o esforzo muscular, a respiración e relaxación adecuados ás esixencias da execución instrumental. Con este criterio preténdese avaliar o dominio da coordinación motriz e o equilibrio entre os indispensables esforzos musculares que require a execución instrumental e o grao de relaxación necesaria para evitar tensións que conduzan a unha perda de control na execución.

-Demostrar o dominio na execución de estudos e obras sen desligar os aspectos técnicos dos musicais. Este criterio avalía a capacidade de relacionar os coñecementos técnicos e teóricos necesarios para alcanzar unha interpretación adecuada.

-Demostrar sensibilidade auditiva na afinación e no uso das posibilidades sonoras do instrumento. Mediante este criterio preténdese avaliar o coñecemento das características e do funcionamento mecánico do instrumento e a utilización das súas posibilidades.

-Interpretar obras das distintas épocas e estilos como solista e en grupo. Trátase de avaliar o coñecemento que o alumnado posúe do repertorio do seu instrumento e das súas obras máis representativas, así como o grao de sensibilidade e imaxinación para aplicar os criterios estéticos correspondentes

-Interpretar de memoria obras do repertorio solista de acordo cos criterios do estilo correspondente. Mediante este criterio valórase o dominio e a comprensión que o alumnado posúe das obras, así como a capacidade de concentración sobre o resultado sonoro das mesmas.

-Demostrar a autonomía necesaria para abordar a interpretación dentro das marxes de flexibilidade que permita o texto musical. Este criterio avalía o concepto persoal estilístico e a liberdade de interpretación dentro do respecto ao texto.

-Presentar en público un programa adecuado ao seu nivel demostrando capacidade comunicativa e calidade artística. Mediante este criterio preténdese avaliar a capacidade de autocontrol e grao de madurez da súa personalidade artística.

9.4.A clase colectiva

A clase colectiva cumpre funcións educativas fundamentais, como son o desenvolvemento da personalidade, a socialización e a transmisión de saberes. Entre os obxectivos do grao elemental de música menciónase a capacidade de apreciar a importancia da música como linguaxe e medio de expresión dos pobos e das persoas e tamén de interpretar música en grupo, habituándose a escoitar outras voces ou instrumentos e a adaptarse equilibradamente ao conxunto.

Dende o punto de vista psicolóxico, a clase colectiva serve para espertar unha motivación lúdica entre os alumnos. En xeral, é máis estimulante e divertida que a clase individual. Isto contribúe á socialización e ao crecemento persoal dos alumnos, que servirá para evitar inhibicións e desenvolver neles seguridade, autonomía e liberdade.

A clase colectiva cumpre algunhas funcións musicais puramente técnicas, derivadas da concentración. Ao facer música en grupo mellórase a capacidade de sincronización rítmica, así como a precisión na afinación.

Por último, a música fomenta o crecemento ético das persoas, posto que impón unhas normas de convivencia e comportamento. A clase colectiva debe estar vinculada ao traballo individual e ha de integralo nun proxecto común, suxeito a unha disciplina de conxunto; esta disciplina consiste en respectar o silencio, escoitar os demais, intervir construtivamente no traballo de equipo e asumir a parte de responsabilidade que cada un ten no resultado final. Isto significa a adquisición duns hábitos, actitudes, valores e normas fundamentais para a actividade musical, pero tamén para o desenvolvemento de relacións harmoniosas cos demais e da capacidade de interpretar e resolver situacións

ás que o alumno terá que enfrontarse na vida adulta.

Unha das funcións específicas que cumpre a clase colectiva de óboe é a de funcionar como un lugar de encontro para achegarse ó proceso de fabricación de lengüetas, algo tan necesario para os oboístas, por non decir imprescindible.

Obxectivos

- Abordar un repertorio sinxelo de diferentes épocas e estilos que facilite unha interpretación de conxunto progresiva (acordes, células, frases, dúos, tríos, etc.)
- Adquirir un compromiso co estudo individual para o bo funcionamento do grupo.
- Desenrolar as capacidades de socialización do alumnado.

- Traballar en equipo mantendo unha actitude de respecto mutuo, respectando certas normas básicas (puntualidade, silencio, coidado do material, etc.)
- Desenrolar a capacidade de escoitar o conxunto mentras toca.
- Aprender os xestos básicos camerísticos.
- Traballar aspectos como a relaxación, a respiración, a memoria, afinación, técnicas de estudio, confección de lingüetas (de non ter hora asignada para isto ou para completar o visto nesa hora de existir), desenrolo auditivo, lectura a 1ª vista, etc.
- Interpretar en concerto con garantías de éxito o repertorio traballado na clase.
- Espertar o interese cara un repertorio máis amplo que o que brinda o estudio individual do propio instrumento.

Contidos:

- Exercicios de mecanismo.
- Dúos, tríos, cuartetos ou outras formacións para interpretar en grupo.
- Audicións de concertos, sonatas, pezas etc.....
- Visionado de cintas relativas ao instrumento, tanto de concertos coma da súa historia.
- Sesións de relaxación.
- Lectura á primeira vista de pequenas obras.
- Improvisación de pequenos fragmentos de acordo co nivel de cada alumno e posteriormente tratar de harmonizalos para a súa interpretación en grupo, sempre de forma razoada e sinxela para a mellor comprensión do alumno.
- Posta en común das obras traballadas durante o curso.
- Adestramento da coordinación nas entradas e finais das obras, así como da consecución dos matices en grupo.

Metodoloxía

Será activa e participativa. Estará baseada no contacto frecuente entre o profesor e os alumnos. Esta programación adaptarase ao nivel dos alumnos e ó seu ritmo de traballo.

Para traballar as obras, todo o grupo lerá simultaneamente cada voz, co fin de achar as dificultades que entrañan, e posteriormente, o profesor asignará unha voz a cada alumno co fin de interpretala en grupo. Traballarase a obra en pequenos fragmentos ata chegar á súa interpretación completa.

O entorno da clase colectiva, se non houbera unha hora concreta asignada para a fabricación de lingüetas, será o máis idóneo para abordar a problemática da construción de canas; de existir dita hora, se poderá, igualmente, reforzar algún aspecto concreto, tamén das clases individuais.

Repertorio

O repertorio a traballar será proposto polo profesor atendendo ó nivel e as necesidades específicas do alumnado.

9.5 COVID

ANEXO PARA O DESENVOLVEMENTO DA ENSINANZA E ADAPTACIÓN DIDÁCTICA PARA O CURSO 2020/2021 DEBIDA Á SITUACIÓN DE PANDEMIA POR CAUSA DA COVID19

En aplicación das instrucións do 31 de xullo de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento das ensinanzas de réxime especial para o curso 2020-2021, a partir da Orde EFP/561/2020, de 20 de xuño, pola que se publican acordos da Conferencia Sectorial de Educación, para o inicio e desenvolvemento do curso 2020-2021, e Resolución conxunta das consellerías de educación, universidade e formación profesional e de sanidade pola que se aproba o protocolo de adaptación ao contexto da covid-19 para o inicio do desenvolvemento da actividade lectiva no curso académico 2020/2021 nos centros de ensino non universitario de Galicia, así como as sucesivas modificacións, establécense as seguintes directrices para a súa concreción nesta programación:

1. METODOLOXÍA

1.1 Actividade lectiva presencial.: O/A profesor/a seguirá con normalidade a Programación Didáctica do presente curso escolar.

Terase en conta a exclusión da programación as actividades en público e/ou en

grupo en caso de non poder realizalas.

1.2 Actividade lectiva semipresencial: O/A profesor/a, na medida do posible, combinará as actividades programadas de xeito presencial co telemático a través de plataformas dixitais coma Skype, Google classroom, Webex, Aula virtual, gravacións, Facetime, Whatsapp, Dropbox, Wetransfer... Empregaranse calquera ferramenta que se considere necesaria para garantir o proceso de ensinanza-aprendizaxe do/a alumno/a para asegurar unha comunicación fluída co/a profesor/a, na medida das posibilidades das partes implicadas.

As clases non presenciais realizaranse, preferentemente, durante o horario lectivo asignado para cada alumno.

Terase en conta a exclusión da programación as actividades en público e/ou en grupo en caso de non poder realizalas.

1.3. Actividade lectiva non presencial: O/A profesor/a, na medida do posible, propoñerá as actividades programadas de xeito telemático a través de plataformas dixitais coma Skype, Google classroom, Webex, Aula virtual, gravacións, Dropbox, Drive, Wetransfer, Whatsapp, Facetime... Empregaranse calquera ferramenta que se considere necesaria para garantir o proceso de ensinanza-aprendizaxe do/a alumno/a para asegurar unha comunicación fluída co/a profesor/a, na medida das posibilidades das partes implicadas.

As clases non presenciais realizaranse, preferentemente, durante o horario lectivo asignado para cada alumno.

Terase en conta a exclusión da programación as actividades en público e/ou en

grupo en caso de non poder realizalas.

2. INCORPORACIÓN DE APRENDIZAXES NON ADQUIRIDAS

O/A profesor/a elaborará, de ser necesario, os planes de reforzo e recuperación para a adquisición das aprendizaxes imprescindibles non adquiridas do curso anterior, ao realizar a avaliación inicial do comezo do curso actual e tendo en conta os informes individuais finais do curso anterior. Éstos quedarán reflectidos nos informes de seguimento da programación, homoxeneización e calibración do profesorado que se anexan á acta da reunión do departamento de vento-madeira do mes de Outubro de 2020.

3. AVALIACIÓN

3.1 Actividade lectiva presencial: Os mínimos esixibles, os procedementos e instrumentos de avaliación e os criterios de cualificación serán os mesmos que quedan reflectivos nas programacións didácticas do curso no que o/a alumno/a estea matriculado.

Os requisitos mínimos que se describen nas programacións para a terceira avaliación do curso académico anterior, traballaranse no curso presente en caso de non telos superado nese período.

Terase en conta a exclusión daqueles criterios e actividades de cualificación da programación referidos ás actividades en público e/ou en grupo en caso de non poder realizalas.

3.2 Actividade lectiva semipresencial: Alternarase a actividade lectiva

presencial coa telemática utilizando diferentes plataformas dixitais (coma Skype, Google classroom, Webex, Aula virtual, gravacións, Dropbox, Drive, Wetransfer, Facetime, Whatsapp...).

Os mínimos esixibles serán os mesmos que quedan expresados nas programacións didácticas. Os requisitos mínimos que se describen nas programacións para a terceira avaliación do curso académico anterior, traballaranse no curso presente en caso de non telos superado nese período.

Os procedementos e instrumentos de avaliación e así coma os criterios de cualificación serán os mesmos que quedan reflectivos nas programacións didácticas do curso no que o/a alumno/a estea matriculado.

Terase en conta a exclusión daqueles criterios e actividades de cualificación da programación referidos ás actividades en público e/ou en grupo en caso de non poder realizalas.

3.3 Actividade lectiva non presencial:

Utilizarase diferentes plataformas dixitais (coma Skype, Google classroom, Webex, Aula virtual, gravacións, Dropbox, Drive, Wetransfer, Facetime, Whatsapp ...).

Os mínimos esixibles serán os mesmos que quedan expresados nas programacións didácticas. Os requisitos mínimos que se describen nas programacións para a terceira avaliación do curso académico anterior, traballaranse no curso presente en caso de non telos superado nese período.

Os procedementos e instrumentos de avaliación e así coma os criterios de cualificación serán os mesmos que quedan reflectivos nas programacións didácticas do curso no que o/a alumno/a estea matriculado. Terase en conta a

exclusión daqueles criterios e actividades de cualificación da programación referidos ás actividades en público e/ou en grupo en caso de non poder realizalas.